

**LISTADO DE ASPIRANTES QUE TEÑEN SUPERADO A PRIMEIRA PROBA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA OPERARIO/A DE LIMPEZA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL FIXO (OEP 2018) PLANTILLA DO EXERCICIO E CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA.**

Nº de exp. 2018/X999/0000315

**Aspirantes que teñen superado a primeira proba** (aqueles que obtiveron a lo menos unha cualificación de 5 puntos):

Nº	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN
1	SUÁREZ ESPASANDÍN	ANTONIO	9,34
2	MIGUEZ REGUEIRO	ANA	8,43
3	GÓMEZ BAPTISTA	MIGUEL ÁNGEL	8,26
4	ROSENDE OTERO	MARÍA JESÚS	8,26
5	MIGUEZ REGUEIRO	DAVID	7,69
6	JUNCAL VIQUEIRA	ESPERANZA	7,10
7	VEIRAS RAÑA	MARÍA JESÚS	6,70
8	ÁLVAREZ LÓPEZ	FERNÁN	6,45
9	BALUJA BARREIRO	ADRIÁN	6,28
10	NOYA MIRAMONTES	JAVIER	6,04
11	PAZOS SANJURJO	ANA MARÍA	5,94
12	SÁNCHEZ GARCÍA	IGOR	5,79
13	JIMÉNEZ LÓPEZ	MARÍA ENCARNACIÓN	5,38
14	VENTOS CORTÉS	VERÓNICA	5,05

**Aspirantes que NON teñen superado a primeira proba** (aqueles que obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos):

1	SIMÓN SIMÓN	SOLEDINA	4,70
---	-------------	----------	------

Seguidamente o Tribunal de selección acorda por unanimidade dos membros presentes fixar como data de realización da segunda proba (proba práctica) e convocar a todos/as aqueles/as aspirantes que tiveran superado o primeiro exercicio **o xoves 6 de febreiro de 2020 ás 11:00 horas na Casa do Concello de Oroso (Praza Isaac Díaz Pardo s/n)**, debendo os aspirantes presentarse calzado e roupa cómoda ou de traballo.

PLANTILLA PROBA 1. (Resposta correcta en amarelo).

**1.- A Constitución Española componse de:**

- a) 1 Título Preliminar e 9 Títulos numerados.
- b) 1 Título Preliminar e 10 Títulos numerados.**
- c) 12 Títulos numerados.
- d) 1 Preámbulo e 9 Títulos numerados.

**2.- A soberanía nacional reside:**

- a) Na nación.
- b) No pobo español**
- c) Nas Cortes Xerais.
- d) No Rei.

**3.-Son entidades locais territoriais:**

- a) o municipio e a comarca.
- b) o municipio, a provincia e as áreas metropolitanas.
- c) o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.**
- d) o municipio, a comarca, a illa e as áreas metropolitanas.

**4.- De conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local, quen determina a elección dos membros da Xunta de goberno local?**

- a) O Pleno.
- b) O alcalde.**
- c) Cada un dos grupos políticos en proporción á súa representación no Pleno.
- d) O partido político que obtivo máis votos nas eleccións.

**5.- En que municipios terá que haber recollida e tratamento de residuos?**

a) Todos os municipios.

**b) Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.**

c) Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

d) Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

**6.-Non é unha competencia propia dos Municipios segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril:**

a) Cemiterios e actividades funerarias.

b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

**c) Aprobación de leis e regulamentos.**

d) Medio ambiente urbano en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

**7.-Non é unha parroquia de Oroso.**

a) Cardama.

b) Oroso

c) Deixebre

**d) Vilanova**

**8. O emprego das luvas de traballo e o calzado de seguridade:**

a) É voluntario e o merca o propio traballador.

b) É obrigatorio e o merca o propio traballador.

**c) É obrigatorio e o merca a empresa**

d) É voluntario e o merca a empresa

**9.-Segundo o seu artigo 2, a Lei de prevención de riscos laborais ten por obxecto:**

- a) Desenvolver a seguridade dos traballadores mediante prohibicións.
- b) Promover a seguridade e saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.
- c) Potenciar as estatísticas dos accidentes de traballo.
- d) Ningunha é correcta.

**10. O maior risco (en canto á súa gravidade) dentro da actividade da limpeza viaria é:**

- a) Golpes con obxectos.
- b) Salpicaduras de líquidos.
- c) Atropelo.
- d) Caída ó mesmo nivel.

**11. A maior eficacia dentro dunha xornada laboral empregando una barredora, obtense:**

- a). Poucas pasadas a pouca velocidade
- b). Moitas pasadas a moita velocidade
- c). Moitas pasadas a pouca velocidade
- d). Poucas pasadas a moita velocidade

**12. ¿Con que outro nome é coñecido o hipoclorito sódico?**

- a) Mercurio.
- b) Iodo.
- c) Amoníaco.
- d) Lixivia.

**13. ¿Que características ten o amoníaco?**

- a) Non se pode mesturar con lixivia xa que reaccionaría xerando un gas irritante e moi tóxico.
- b) Non produce irritación na pel en ningún caso.
- c) Úsase exclusivamente como rodenticida.
- d) É un produto ideal para limpar as xuntas mesturándoo con lixivia.

**14. Os pictogramas que aparecen nos recipientes dos produtos químicos de limpeza indicannos se dito produto supón:**

- a) Un perigo para a saúde
- b) Un perigo para o Medio Ambiente
- c) Un perigo físico e químico
- d) Todas as respostas son correctas

**15. Cal das seguintes afirmacións é falsa:**

- a) Os produtos de limpeza deben almacenarse nun lugar limpo, seco e fresco.
- b) Os produtos de limpeza poden almacenarse xunto a produtos alimenticios
- c) Os envases deben conservar o seu etiquetado orixinal
- d) Antes de usar un produto químico, debe lerse o etiquetado

**16. Para a eliminación de graxa sobre o pavimento escolla a opción que resulta máis recomendable empregar:**

- a) Deterxente e auga quente a alta presión
- b) Deterxente e auga quente
- c) Deterxente e auga
- d) Soamente auga

**17.- Nota común a todos os residuos urbanos ou municipais é que todos eles son...**

- a) Procedentes de domicilios particulares.
- b) Procedentes de comercios.
- c) Produtos que non teñen a consideración de perigosos.
- d) Todas son correctas.

**18.- A xestión de residuos non inclúe...**

- a) A recollida de residuos.
- b) A produción de residuos.
- c) A valorización de residuos.
- d) A eliminación de residuos.

**19. Os envases lixeiros (contedor amarelo) considéranse:**

- a) Residuos sólidos urbanos
- b). Residuos agrícolas
- c). Residuos gandeiros
- d). Residuos industriais

**20. O baldeo cunha cisterna de auga pode ser de tipo:**

- a) Soamente manual
- b) Soamente mecánico
- c) Mixto (manual + mecánico)
- d) Non pode baldearse cunha cisterna

**21. O varrido con carrito de limpeza emprégase para:**

- a) Varrer as beirarrúas

- b) Varrer os viais de circulación
- c) Varrer os bordillos
- d) **As respostas a e c son correctas**

**22. Un Punto Limpo é un lugar onde os cidadáns depositan residuos de xeito:**

- a) **Voluntario e gratuito**
- b) Voluntario pero non gratuito
- c) Obrigatorio e gratuito
- d) Obrigatorio e non gratuito

**23. Marque cal de estos residuos se considera de tipo perigoso:**

- a) Aceite usado de cociña
- b) **Aceite usado de motor**
- c) Restos de poda
- d) Un colchón

**24.- Teñen a consideración de residuos urbanos...**

- a) **Os procedentes da limpeza das vías públicas.**
- b) Os correspondentes a calquera animal morto.
- c) Os vehículos roubados.
- d) Todos teñen esta consideración.

**25.- O emprego dun produto usado para o mesmo fin para o que foi deseñado orixinariamente recibe o nome de**

- a) Reciclaxe.
- b) **Reutilización.**

c) Tratamento.

d) Valorización.

**26. As máquinas que se empregan principalmente en traballos de xardinería son:**

a) Desbrozadora e sopradora

b) Pala e varredora

c) Motoserra e cortasetos

d) **As respostas a e c son correctas**

**27. Para a elección de maquinaria de sega deberase ter en conta:**

a) Dimensión da área a segar

b) Frecuencia e altura da sega

c) O número e localización de obstáculos

d) **Todas son correctas**

**28. O herbicida sistémico nas beirarrúas debe aplicarse:**

a) Con manguera e sen vento

b) Con pulverización moi fina e con vento

c) **Con pulverización media e ausencia de vento.**

d) Ningunha é correcta

**29. Resulta obrigatoria a protección auditiva para o emprego das seguintes máquinas:**

a) Desbrozadora

b) Sopradora

c) Motoserra

d) **Todas as respostas son correctas**



**30. En relación ós traballos en altura, é obrigatorio (marque a opción máis correcta):**

- a) Arnés de seguridade si traballamos a máis de 2 metros de altura
- b) Arnés de seguridade si traballamos a máis de 2 metros de altura e sinalización da zona de traballo
- c) Arnés de seguridade si traballamos a máis de 2 metros de altura, sinalización da zona de traballo e emprego de roupa de traballo
- d) Arnés de seguridade si traballamos a máis de 6 metros de altura, sinalización da zona de traballo e emprego de roupa de traballo

**31. O horario autorizado no Concello de Oroso para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venta será...**

- a) ...dende as sete ás dez da mañá, e dende as vinte e vintedúas horas.
- b) ...dende as oito ás dez da mañá, e dende as dezanove e vintedúas horas.
- c) ...dende as sete ás once da mañá, e dende as dezanove e vintedúas horas.
- d) ...dende as sete ás dez da mañá, e dende as dezanove e vintedúas horas.

**32. ¿En que suposto se poderían colocar pancartas na vía pública no Concello de Oroso?**

- a) No período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.
- b) No período de eleccións políticas.
- c) Nas situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.
- d) Todas as respostas son correctas.

**33. En todo caso no Concello de Oroso, os contenedores de obras deberán retirarse coma máximo...**

- a) ...ós cinco días da finalización da obra.
- b) ...ós tres días da finalización da obra.
- c) ...no mesmo día finalización da obra.
- d) ...o día seguinte da finalización da obra.

**34. ¿Cal destes residuos non se pode levar ao Punto Limpo de Oroso?**

a) Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio.

**b) Pneumáticos**

c) Plásticos agrícolas (excepto envases) (“Residuos de plástico procedentes da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca e da preparación de alimentos”).

d) Radiografías, negativos de fotografías.

**35. No Libro Rexistro de Entrega de Residuos farase constar:**

a) Matrícula do vehículo do usuario que efectúe a entrega.

b) Nome, apelidos, domicilio e NIF do usuario.

c) Data e hora da entrega.

**d) Todas as respostas son correctas.**

**36.- Como deben depositarse os aceites no punto limpo segundo o regulamento de funcionamento e uso do punto limpo do Concello de Oroso, publicado no BOP 1/2/2016?**

a) En garrafas ou botellas de cristal.

b) En cartón para líquidos (briks).

**c) En garrafas ou botellas de plástico.**

d) Non se poderán depositar garrafas de aceite.

**37.- Segundo o art. 9 da Ordenanza xeral de limpeza e ornato público do Concello de Oroso.**

a) En caso de estacionamentos prolongados, e co fin de posibilitar os labores de limpeza, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que entre eles e a beirarrúa non quede unha distancia suficiente para a limpeza da calzada.

b) En caso de estacionamentos prolongados, e co fin de posibilitar os labores de limpeza, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que entre

eles e a beirarrúa quede polo menos unha distancia de vinte centímetros para a limpeza da calzada.

c) En caso de estacionamentos prolongados, e con fin de posibilitar os labores de limpeza, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que entre eles e a beirarrúa quede unha distancia suficiente para a limpeza da calzada.

d) En caso de estacionamentos prolongados, e con fin de posibilitar os labores de limpeza, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que, entre eles e a beirarrúa quede polo menos unha distancia de vinte e cinco centímetros para a limpeza da calzada.

### **38.- Segundo o artigo 41 da Ordenanza xeral de limpeza e ornato público do Concello de Oroso...**

a) Unha vez depositado o lixo dentro dos contedores, este segue sendo propiedade de quen o deposita.

b) Unha vez depositado o lixo dentro dos contedores, este adquirirá o carácter de propiedade municipal.

c) O lixo é competencia da Xunta de Galicia.

d) Unha vez depositado o lixo dentro dos contedores, este non pertence a ninguén.

### **39.- Son obrigas dos usuarios do punto limpo, de acordo co que establece o Regulamento de funcionamento e uso do punto limpo do Concello de Oroso, publicado no BOP 1/2/2016:**

a) Atender as indicacións dos operarios para a correcta entrega e depósito dos residuos.

b) Facilitar a información requirida polo operario para realizar o control do depósito dos residuos, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do seu DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

c) Non entregar os residuos previamente seleccionados e acondicionados de acordo cos criterios que establece este regulamento.

d) a) e b) son correctas.

**40.- Segundo o artigo 66 da Ordenanza xeral de limpeza e ornato público do Concello de Oroso -Tipoloxía de residuos-, no punto limpo admítense os seguintes residuos:**

- a) Entullos de obras menores particulares.
- b) Electrodomésticos.
- c) Chatarra.
- d) Admítense os tres anteriores.

**Preguntas de reserva.**

**41. A presenza de musgo no céspede pódese deber a:**

- a) Exceso de sombra
- b) Drenaxe insuficiente
- c) Moita rega
- d) Todas son correctas

**42. Indique cal é o significado das siglas R.A.E.E.:**

- a) Regulamento Autonómico de Enerxías Eólicas.
- b) Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos.
- c) Residuos Autorizados de Elementos Electrónicos.
- d) Residuos de aparatos e enseres exectados

**43.- O Concello de Oroso linda cos municipios de:**

- a) Ordes, Frades, O Pino, Trazo y Santiago.
- b) Ordes, Frades, O Pino, Trazo, Tordoia.
- c) Ordes, Frades, O Pino, Trazo, Tordoia, Santiago e Val do Dubra.
- d) Ordes, Frades, O Pino, Trazo, Tordoia, Santiago.

**44.-Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a rede de sumidoiros é un servizo que:**

a) Deberán prestar en todo caso todos os municipios.

b) Deberán prestar exclusivamente os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

c) Deberán prestar os municipios de gran poboación.

d) Deberán prestar exclusivamente os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

**45.- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais corresponde ao...**

a) Alcalde, e é delegable.

b) Alcalde, e non é delegable.

c) Pleno, e é delegable.

d) Pleno, e non é delegable.